

Resolución reitoral pola que se convoca o “Programa de prácticas académicas en iniciativas empresariais emerxentes” no curso 2025/2026

A Consellería de Promoción de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e as tres universidades galegas teñen previsto asinar un convenio para realizar actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento na comunidade universitaria.

A finalidade das actuacións do convenio é difundir, promover, e fomentar a cultura emprendedora na comunidade universitaria e impulsar habilidades e competencias emprendedoras no estudantado que axuden á empregabilidade. Entre as actividades está prevista a realización de prácticas académicas por parte do estudantado en empresas de recente creación.

A través da súa participación no programa, o estudantado será quen de formarse nunha contorna dinámica, creativa e áxil, podendo desenvolver algunha das competencias recollidas no Marco Europeo de Competencias Emprendedoras EntreComp: identificación de oportunidades, creatividade, visión, avaliación de ideas, pensamento ético e flexible, autoconecemento, motivación, persistencia, mobilización de recursos, educación financeira, creación dunha rede de contactos, iniciativa, planificación e xestión, manexo da incerteza e o risco, traballo en equipo e aprender da experiencia.

As prácticas ofertadas deben ter un carácter formativo e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, e na normativa interna da Universidade de Vigo.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade*,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas para a realización de prácticas académicas en iniciativas empresariais emerxentes que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte de se publicar, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

CSV : GEN-eb2c-b111-ddbc-7588-bdb0-c90e-1939-fc01

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/05/2026 12:22 | NOTAS : F



ANEXO I

BASES QUE REGULAN O “PROGRAMA DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EN INICIATIVAS EMPRESARIAIS EMERXENTES” NO CURSO 2025/2026

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudantado”, a través da realización de prácticas académicas, curriculares ou extracurriculares, nunha iniciativa empresarial de recente creación, de modo que poidan ver o emprendemento como unha oportunidade para o desenvolvemento do seu futuro profesional.

A presente convocatoria non está prevista no plan de subvencións vixente debido a que no momento da súa aprobación non estaba prevista a sinatura do convenio.

A presente convocatoria está destinada a seleccionar estudantado distribuído equitativamente, na medida do posible, entre os seguintes grupos:

- estudantado das ramas de Ciencias Sociais, Xurídicas e Humanidades
- estudantado das ramas de Ciencias, Ciencias da Saúde e Enxeñerías

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderá solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Atoparse nalgún dos seguintes casos:

- Posuír nacionalidade española.
- Posuír a nacionalidade dun estado membro da Unión Europea e acreditar a condición de residente legal.
- Posuír nacionalidade extracomunitaria e acreditar a residencia legal en España, de acordo co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España (non é suficiente o permiso de estadia por estudos).

b) Estar matriculado nunha das titulacións oficiais de grao ou de máster universitario no curso 2025/2026 da Universidade de Vigo.

c) No caso dos estudos de grao, deberán ter superados o 50% dos créditos da titulación ata o curso 2024/2025.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

3. CARACTERÍSTICAS DAS PRÁCTICAS

1. O estudantado beneficiario estará baixo a titoría das persoas da Universidade e da empresa que se designen no momento de formalización da práctica, que se responsabilizan da formación impartida, do desempeño da actividade de colaboración e da orientación no desenvolvemento da axuda.

2. O contido do plan formativo das prácticas externas será o que, de común acordo entre os/as titores/as da universidade e de empresa, se estableza para cada beneficiario/a, debendo fixar os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver, considerando as competencias básicas,

CSV : GEN-eb2c-b111-ddbc-7588-bdb0-c90e-1939-fc01

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/05/2026 12:22 | NOTAS : F



xenéricas e/ou específicas que deberá adquirir o/a estudante durante o período de prácticas.

3. En todo caso, as prácticas estarán suxeitas ao establecido na normativa de prácticas da universidade.

4. O/a estudante non poderá ter relación contractual coa empresa/institución na que realice as prácticas.

5. Requisitos das iniciativas empresarias:

- a. Ter un máximo de cinco anos de vida dende a alta como autónomo ou da constitución da sociedade, entendéndose como esta a data de inscrición no Rexistro Mercantil, Rexistro de Cooperativas ou orde específica.
- b. Non xurdir dunha operación de fusión, escisión ou transformación de empresas que non teñan consideración de empresas emerxentes.
- c. Non distribuír dividendos, ou retornos no caso de cooperativas.
- d. Non cotizar nun mercado regulado.
- e. Ter entre 2 e 20 persoas contratadas, e nas cooperativas computaranse dentro do persoal os socios cuxa relación sexa de natureza societaria.
- f. Ter a súa sede social, domicilio social ou establecemento permanente en España.

Aquelas entidades que desexen participar neste programa de bolsas como entidades receptoras do estudantado poderán solicitar a adhesión ao programa cubrindo o formulario en liña dispoñible no seguinte enlace da Secretaría virtual da Universidade:

[Formulario entidades receptoras](#)

O prazo de presentación por parte das entidades da adhesión ao programa rematará o **11 de xuño** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

A Área de Emprego e Emprendemento da Uvigo comprobará o cumprimento de requisitos das iniciativas empresariais e poderá solicitarlles a acreditación da inscrición no Rexistro Mercantil, Rexistro de Cooperativas ou orde específica.

4. INCOMPATIBILIDADES

A bolsa será incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada por conseguinte será incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

Tamén será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria convocada por calquera entidade pública ou privada para o mesmo período.

5. DURACIÓN E PERÍODO DE DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS

1. O período de prácticas terá unha duración **entre 1 e 2 meses**, e poderán desenvolverse dende o día seguinte á publicación da adxudicación **ata o 30 de setembro de 2026** coas condicións descritas no documento de formalización da práctica académica. No caso de estudantado que finalice estudos no curso 2025/2026, deberá rematar as prácticas antes da presentación da solicitude de título e en todo caso antes do 31 de agosto de 2026.

2. O número de horas de colaboración será de 30 horas semanais, que poderá distribuír e

CSV : GEN-eb2c-b111-ddbc-7588-bdb0-c90e-1939-fc01

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://run.gob.es/hsb0d8bw6q

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/05/2026 12:22 | NOTAS : F



compensar ata un 30% con horas de carácter non presencial.

3. O desfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no *Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participan en programas de formación.*

4. As persoas bolseiras non adquirirán ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo e a bolsa non suporá ningún compromiso de cara á posterior incorporación do bolseiro ou bolseira aos cadros de persoal da universidade.

6. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas irán con cargo a aplicación orzamentaria 2026 0000 121D 482.11, cun importe orzamentario máximo de 20.000€ (19.080,00 € pola dotación bruta e 920,00 € en concepto de cota patronal) para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía individual será de 795 €/mes, a cal estará suxeita ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza a normativa vixente nesta materia. No caso de prácticas extracurriculares estará así mesmo suxeita ás retencións establecidas polas normativas tributarias aplicables.

3. O pagamento realizarase por meses vencidos mediante transferencia á conta bancaria en España que sinala o/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular. No caso de que non chegara a completarse o período da bolsa só se aboará a contía proporcional de bolsa correspondente ao período realizado, sempre e cando este sexa superior a 15 días. En caso contrario non se percibirá axuda algunha.

Se a actividade desenvolta pola persoa bolseira en cada mes non se correspondese coas condicións fixadas nesta convocatoria, e co fin de adecuar o pago á actividade real realizada nese mes, a persoa titora na universidade deberá emitir un informe no cal constará a actividade realizada e achegaráo á Sección de Axudas e Bolsas antes do día 25 do mes en curso. No caso de non ter realizado ningunha das horas de dedicación nunha semana deberá notificalo inmediatamente á Sección de Axudas e Bolsas.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN POR PARTE DO ESTUDANTADO

1. A solicitude realizarase a través do formulario en liña dispoñible na secretaría virtual da Universidade <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/bolsas/convocatorias/index> / **Programa de prácticas académicas en iniciativas empresariais emerxentes.**

O modelo específico de presentación de solicitudes será de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (*art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza+ o día seguinte da publicación desta convocatoria e remata o **11 de xuño de 2026** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegárase a seguinte documentación:

- O estudantado que non teña nacionalidade española:
 - documento do Rexistro de cidadán/á da Unión Europea ou

CSV : GEN-eb2c-b111-ddbc-7588-bdb0-c90e-1939-fc01

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/05/2026 12:22 | NOTAS : F



- tarxeta de identificación de estranxeiro/a na que conste o permiso de residencia (non é suficiente co permiso de estadia por estudos) de cidadán/á extracomunitario.
- No caso de estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia deberá presentar certificado expedido polo órgano competente da comunidade autónoma.

Xunto coa solicitude a persoa solicitante poderá propor a iniciativa onde quere facer as prácticas, indicando os datos da mesma e as datas previstas da estadia (Anexo II). Esta iniciativa ten que cumprir os requisitos recollidos na base 3 da convocatoria e deberá rexistrarse no enlace facilitado na mesma base. No caso de que non propoña unha entidade, asignarase unha das iniciativas acorde co seu perfil académico.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que sexa necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados.

O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación e para tal fin, presentarán o formulario de alegacións na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

3. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de selección de acordo coa seguinte puntuación,

a) Nota media:

- No caso de estudos de grao ou continuación de máster universitario de máis de 60 créditos nota media do expediente académico segundo o Real decreto 1125/2003, ata o curso 2024/2025
- Nota de acceso para o estudantado que inicia estudos de máster universitario.
- Ao estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia sumaráselle **dous puntos** a súa nota media.

b) Ao estudantado que teña concedida no curso 2025/2026 unha bolsa do MEFPD/GOBIERNO VASCO ou "Axudas ao estudo propias da Uvigo" sumaráselle **un punto** adicional.

A Sección de Axudas e Bolsas consultará os méritos referidos ao expediente académico da propia universidade. Dos restantes méritos só se terán en conta os que se acrediten con documentación xunto coa solicitude ou no prazo de emenda.

CSV : GEN-eb2c-b111-ddbc-7588-bdb0-c90e-1939-fc01

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/05/2026 12:22 | NOTAS : F



A comisión de selección está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Vogais: Maruxa Álvarez Jiménez, directora da Área de Emprego e Emprendemento
Belén Fernández, técnica superior da Unidade de Emprego e Emprendemento
Magdalena Domínguez Álvarez, xefa da Área de Bolsas da Universidade de Vigo

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non puidese asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

4. Unha vez efectuada a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará **a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida e a súa puntuación, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda coa puntuación** para o caso de existiren renuncias.

5. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación, para o que presentarán o formulario de alegacións na secretaría virtual.

6. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a contía máxima, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

7. As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

8. As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previsto no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA DAS BOLSAS

1. As persoas con bolsa concedida deberán aceptar a bolsa no prazo de cinco días dende o seguinte ao da publicación de adxudicación, utilizando o formulario existente na secretaría virtual para tal efecto ([formulario aceptación](#)).

A non aceptación entenderase como renuncia á bolsa previa resolución coa conseguinte perda de dereito de cobro e concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda previa resolución.

2. A persoa bolseira presentarse na entidade colaboradora no lugar, día e hora que lle indique a Área de Emprego e Emprendemento mediante comunicación ao enderezo electrónico indicado na solicitude.

3. A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na

CSV : GEN-eb2c-b111-ddbc-7588-bdb0-c90e-1939-fc01

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://run.gob.es/hsb0d8bw6q

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/05/2026 12:22 | NOTAS : F



Secretaría Virtual ([formulario renuncia](#)) e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas e o titor/a, cun mínimo de 5 días de antelación á data en que se fará efectiva a renuncia. A renuncia dará lugar á perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

10. OBRIGAS

Serán obrigas das persoas bolseiras:

- Contemplar, no desenvolvemento da práctica, ás obrigas recollidas en relación aos estudantes en prácticas no *Real decreto 592/2014, de 11 de xullo* (e entre a presentación da memoria), polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, así como as que se establecen neste mesmo sentido no Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo.
- Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- Cumprir o contidos das prácticas seguindo as indicacións da persoa titora asignada pola entidade participante, baixo a supervisión da persoa da universidade que exerza como titora académica. Así mesmo deberán manter contacto coa titora académica e comunicarlle calquera incidencia que exista durante o desenvolvemento da práctica.
- Incorporarse a entidade na data acordada, cumprindo o horario previsto no proxecto educativo e respectando as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais da mesma.
- Comunicar á Sección de Axudas e Bolsas a obtención de axudas da mesma natureza e finalidade.

Ademais a persoa beneficiaria deberán cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

11. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO AO COBRO TOTAL OU PARCIAL

Serán causas de reintegro e de perda do dereito ao cobro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas estará obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

12. COORDINACIÓN DO PROGRAMA

A Área de Emprego e Emprendemento será a responsable da coordinación e supervisión do programa. As persoas participantes poderán dirixir á emprego@uvigo.gal as consultas e dúbidas que xurdan ao longo da vixencia do programa.

13. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puidesen impoñerse, polo que a presentación da solicitude

CSV : GEN-eb2c-b111-ddbc-7588-bdb0-c90e-1939-fc01

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/05/2026 12:22 | NOTAS : F



leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2.En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

14. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf

CSV : GEN-eb2c-b111-ddbc-7588-bdb0-c90e-1939-fc01

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/05/2026 12:22 | NOTAS : F



ANEXO II

INICIATIVA EMPRESARIAL PROPOSTA

“Programa de prácticas académicas en iniciativas empresariais emerxentes”
curso 2025/2026”

Datos estudiantado:

Apelidos e nome:.....

DNI:.....

Datos da iniciativa empresarial: (debe cumprir os requisitos indicados na base 3)

Nome:

Data prevista da estadía:

En, a de de 2026

(Sinatura dixital BOLSEIRO/A)

CSV : GEN-eb2c-b111-ddbc-7588-bdb0-c90e-1939-fc01

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/05/2026 12:22 | NOTAS : F

